



O **profesorado do IES Virxe do Mar** (Noia), reunido presencialmente o venres 22 de xullo de 2022, quere facer público o seu profundo malestar, a súa indignación e o seu total desacordo co cupo de profesorado asignado ao centro para o curso 2022/23. O noso instituto esforzouse sempre por ofrecer un ensino de calidade ao alumnado coa finalidade de dispoñer das mellores oportunidades de desenvolvemento persoal e académico posible, a pesar das dificultades e das trabas impostas polas políticas educativas dos últimos anos. É a nosa vontade manter un ensino de calidade nos vindeiros anos, tal e como viñemos facendo ata o de agora.

Nos últimos cursos fomos asumindo progresivamente **novos retos** de tipo legal, burocrático, tecnolóxico, sanitario etc. para adaptarnos ás novas demandas dos tempos. O aumento das necesidades educativas orixinadas nos últimos cursos obríganos a non baixar a garda e a manter a calidade e a atención educativa das nenas e dos nenos que están matriculados no centro.

A **perda progresiva do profesorado** experimentada nos últimos cursos escolares (por causa das amortizacións ou da redución do cupo asignado) foi producindo unha perda de docentes especialistas que repercute na aprendizaxe do noso alumnado.

Con respecto ao curso 2016/17 vimos reducido o cupo do centro en 7 docentes, e respecto do curso pasado perdemos 3 docentes (xubilacións que non se van cubrir). Con máis responsabilidades asignadas, menos docentes dispoñibles e máis alumnado matriculado todos podemos entender que a atención do noso alumnado se vai ver reducida. Esta situación repercutirá no conxunto das nenas e dos nenos do centro, pero sobre todo naqueles que teñen maiores dificultades de aprendizaxe ou maiores necesidades que atender.

Para que a comunidade educativa o poida comprender ben, a perda de profesorado especialista obriga a que os docentes do centro se vexan na obriga de impartir materias que non son da súa especialidade, para as que non teñen formación específica ou mesmo sobre as que non teñen coñecemento ningún (por exemplo: profesorado de Bioloxía que ten que impartir Educación Física e Educación Plástica, profesorado de Matemáticas que ten que impartir Educación Plástica, etc.). Non se poden ofertar varias materias optativas o que obriga ao alumnado a cambiar as súas preferencias e cursar outras pouco válidas para os estudos superiores que teñen pensado estudar.

O funcionamento do centro vese tamén prexudicado pola masificación das aulas, que repercute directamente na **calidade do ensino** que o alumnado vai recibir: oferta educativa, atención da diversidade, atención tutorial, orientación etc. O aumento das dificultades que se presentan no día a día leva a que outros aspectos da vida do centro quedan suprimidos (sección bilingüe, na que xa hai alumnado matriculado) ou que queden desatendidos (participación en proxectos de innovación educativa promovidos pola propia Consellería, actividade da biblioteca, organización de actividades complementarias e extraescolares, gardas ordinarias e gardas de transporte...).

Este Claustro aposta firmemente pola calidade e polo éxito educativo do alumnado. Paradoxalmente é a nosa propia Consellería, que supostamente potencia o éxito educativo, a que está a ocasionar os atrancos que producen unha deriva negativa que non estamos dispostos a asumir posto que prexudican o alumnado, especialmente o máis vulnerable. Así pois, a credibilidade da mensaxe lanzada respecto da innovación e do éxito escolar non se corresponde coas súas actuacións. Lamentablemente, a atención educativa realízase a través de persoas, e non de ordenadores.

Finalmente, queremos transmitirlle á comunidade educativa o noso profundo rexeitamento á posición mantida pola Consellería respecto da perda do profesorado que consideramos imprescindible para que o inicio do curso se poida desenvolver normalmente no IES Virxe do Mar.

O profesorado que asina este documento manterá unha actitude de resposta activa de mobilización colectiva en defensa dos intereses do noso alumnado. Neste sentido, tomaremos as medidas que consideremos oportunas se a Consellería non rectifica a decisión de reducir o número de docentes asignados ao noso centro.

Queremos un ensino público de calidade para todos.

Noia, 27 de xullo de 2022

O profesorado do IES Virxe do Mar de Noia.